

PORFIRI P. INFÁNTIEV

Noutro planeta

Historia da vida dos habitantes de Marte

Traducido por

Irina Yurievna Stepánova Bolshakova



Hugin e Munin

I

En xullo de 1887, sendo estudante, emprendín xunto cun amigo meu unha viaxe a pé por Suíza. Despois de saír de Xenebra ao longo da beira do lago homónimo, entramos no val do Ródano, e pola garganta do Simplon cruzamos ao val de Chamonix, dende onde pensabamos, subindo até o glaciar Mez de Glace, coroar os cumios do Mont Blanc e descender até Italia. Este camiño é arduo e perigoso, así que os turistas que non coñecen un bo paso a través do Mont Blanc teñen que levar guías con escaleiras, cordas, leña e provisións, porque ás veces cómpre abrirse camiño entre os glaciares, salvar coa axuda das escaleiras as abertas gretas e precipicios, facer noite baixo o ceo aberto etc. Pero daquela o meu compañeiro e mais eu eramos novos e inexpertos. Nin sequera preguntamos como era debido sobre os perigos que nos agardaban, nin sobre os obstáculos que poderíamos atopar. Razoamos que se outros ían por ese camiño, por que non haberíamos de pasar nós? Consideramos de máis levar guías, e por outra banda non eramos ricos dabondo para permitírnolo. Como xente verdadeiramente rusa, naquela situación confiábamos no noso proverbial «Malo será!».

Non obstante, ao vérmonos no reino das neves perpetuas, no medio das rochas salvaxes absolutamente núas, sen enxergar por ningures indicio dun sendeiro ou dunha pegada, pronto entendemos que actuamos de forma un

pouco temeraria. Cara a onde ir? Que dirección debiamos manter? Por todas as partes fragueiros grises, neve, glaciares, carricovas, barrancos... Por suposto, para non perdermos o rumbo podiamos orientarnos cun compás, pero un guía así, nestes lugares, está lonxe de ser suficiente. Corriamos o risco de deambular longo tempo e aínda así non dar chegado a ningures. Por outra parte, só levabamos provisións para un par de días, e a nosa roupa era demasiado lixeira para a temperatura que facía a esa altura. Volver significaba recoñecer a nosa frivolidade... Non, mellor seguir cara a adiante, pasase o que pasase! Talvez, dalgún xeito, daríamos con algún sitio!

Entón, bordeando unha rocha tras outra e sorteando precipicio tras precipicio, rematamos por nos extraviar de todo, mesmo perdemos o camiño polo que chegamos. A nosa situación deveu moi delicada. Logo chegou a noite e empezou a refrescar de máis. Con gran dificultade, recollemos nas baixas algúns pobres arbustos e herba seca para facer lume e acendemos unha pequena cacharela. Tiñamos unha lámpada de viaxe de alcohol, preparamos té, asamos carne, ceamos e pasamos a noite daquela maneira. Pola mañá puxémonos de novo en camiño, e de novo ao chou. Daquela si nos alegraría poder regresar, pero encontrar o camiño de volta era imposible. Ás veces tivemos que arrastrarnos e empolicarnos en pendentes bastante perigosas, pero non nos quedaba máis remedio; cumpría saír daquel labirinto de pedras, penedos e glaciares, custase o que custase, tan pronto como fose posible. Despois de quedar conxelados a noite anterior, non queríamos arriscarnos a pasar outra igual de dolorosamente fría.

Ao cabo, despois de perder de todo a cabeza e sen saber onde estabamos, decidimos subir a un cume nevado que encontramos de camiño para enxergar dende alí os vales de abaixo, orientarnos e localizar unha baixada cómoda.

